

CONTRATO DE PRÉSTAMO A COMPROMISO POR GALICIA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS E EUROPEAS DO 26 DE MAIO DE 2019

Dunha parte, D. Juan Carlos Piñeiro Docampo, maior de idade, con DNI: 33997608C, como Secretario Xeral de Compromiso por Galicia e D. ANDRÉS NÚÑEZ RAJOY , maior de idade, con DNI 33229606B, como secretario de Finanzas, Internacional e Patrimonio da Comisión Executiva Nacional de Compromiso por Galicia actuando ambos os dous en nome e representación de COMPROMISO POR GALICIA (en adiante CxG) con CIF G70320023 e domicilio na Rúa García Prieto, baixo. 15703 Santiago de Compostela.

De outra parte, D/Dª _____, maior de idade, con DNI _____, e actuando en nome e representación de si propio, con domicilio en _____, CP _____

Ámbalas dúas partes, recoñecéndose a mutua capacidade de obrar para o outorgamento do presente contrato de préstamo

ACORDAN

1.- Que diante do número de eleccións que se van a celebrar durante o ano 2019, como son as eleccións municipais e europeas que se van a celebrar o día 26 de maio de 2019, créanse unhas necesidades de financiamento para poder facerlle fronte, e é por iso que CxG abreu unha campaña para concertar contratos de préstamo con particulares.

2.- Que Dª/D. _____ presta á CxG, que acepta, a cantidade de _____ € (en letra _____ euros), que serán devoltos na conta: IBAN _____ da que é titular, todo o exposto baseado nas seguintes:

CONDICIÓNS

1.- A data tope para a realización de subscricións de préstamos finalizará o día 25 de maio de 2019.

2.- o préstamo que se subscribe non devindicará xuro ningún. A devolución das cantidades prestadas levaranse a cabo nun prazo dos dous meses seguintes ao cobro por parte e CxG das subvencións electorais ás que, e de acordo cos resultados electorais obtidos, tivese dereito. No caso de que a cantidade percibida a través das subvencións electorais non cubrira a totalidade dos préstamos recibidos ampliárase o prazo en 18 meses contados dende a celebración das eleccións.

3.- AS cantidades prestadas poden facerse efectivas mediante transferencia bancaria á conta de CxG co **IBAN ES05.2080.0300.8930.4015.3068** O xustificante da transferencia, que deberá achegarse xunto a este documento para dar validez ao mesmo, terá que indicar como concepto "PRÉSTAMO A CXG", no devandito xustificante figurará de xeito claro o nome e DNI de quen fai o ingreso.

4.- Os datos persoais de quen subscriba os préstamos van ser incorporados a un ficheiro de datos do que é responsable o partido político CxG con CIF G-70320023, que os vai usar co único obxecto da administración e xestión do presente contrato e sempre en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e de Garantía de Dereitos Dixitais (LOPDGDD) . O subscritor autoriza a cesión dos seus datos persoais á entidade financeira encargada do depósito das cantidades entregadas, e poderá exercer os dereitos de acceso,

rectificación, cancelación e oposición dos seus datos persoais mediante un escrito a CxG no enderezo Rúa García Prieto, baixo. 15703 Santiago de Compostela, achegando copia do documento de identificación persoal.

5.- As partes, con renuncia expresa ao foro propio que puidese corresponderlles, sométense á xurisdición e competencia dos xulgados e tribunais de Santiago de Compostela, capital de Galicia, para calquera controversia derivada do presente contrato. En calquera caso, as partes obríganse a esgotar ao máximo as posibilidades de acordo negociado ante os conflitos que puidesen xurdir entre elas.

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e de Garantía de Dereitos Dixitais, informámoslle que os datos obtidos serán incorporados a un ficheiro automatizado baixo a responsabilidade de CxG coa finalidade de atender as súas consultas e remitirle información relacionada que poida ser do seu interese. Pode exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un escrito ao noso enderezo a CxG no enderezo Rúa García Prieto, baixo. 15703 Santiago de Compostela.

Mentres non nos comunique o contrario, entendemos que os seus datos non foron modificados, que vostede se compromete a notificarnos calquera variación e que temos o seu consentimento para utilizalos para as finalidades mencionadas.

En Santiago de Compostela, _____, de _____ de 2019

O Secretario Xeral de CxG

O Secretario de Finanzas, P. e I de CxG

Asdo.: Juan Carlos Piñeiro Docampo

Ado.: Andrés Núñez Rajoy

Asdo.: A/O Prestamista

Asdo.: _____